



# **SISTEMA PÚBLICO DE PENSIONES IMPACTO DA LEI 27/2011, DO 1 DE AGOSTO**




GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE EMPLEO  
Y SEGURIDAD SOCIAL

SECRETARÍA DE ESTADO  
DE LA SEGURIDAD SOCIAL



INSTITUTO SOCIAL  
DE LA MARINA



*Edita*  
Instituto Social da Mariña

*Deseño e realización*  
Estudio Fraile de Tejada

NIPO: 273-12-026-4  
Depósito Legal: M 41351-2012

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste folleto poden transmitirse por medios electrónicos ou mecánicos, así como as fotografías ou ilustracións sen permiso escrito do Instituto Social da Mariña. Toda a información deste folleto queda ao amparo da vixente Lei de propiedade intelectual.

## Presentación

Resulta especialmente grato presentar este folleto, orientado a destacar as principais novidades que, en materia de protección social, ofrece a Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, norma de singular importancia en canto modifica determinados preceptos do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, ao tempo de incorporar novas disposicións no dito texto legal introducindo, en resumo, destacadas innovacións no réxime xurídico dalgunhas prestacións da Seguridade Social.

Dado o carácter divulgativo do presente folleto pretendeuse fuxir deliberadamente de excesivas referencias a preceptos legais concretos que, aínda que resultarían de cita obrigada nunha análise técnica ou científica da norma, considerarémolas prescindibles nunha publicación informativa coma a que nos ocupa. Isto, non obstante, aspira conxugar harmonicamente o rigor temático coa claridade expositiva, de maneira tal que, tras a lectura das páxinas que seguen, poida disporse dunha información, non por esquemática menos clara, dos principais aspectos regulados pola lei.

Resulta innecesario engadir que, no caso de precisarse calquera aclaración ou información complementaria, pode poñerse en contacto co Instituto Social da Mariña a través da súa rede de Direccións Provinciais e Locais, onde serán puntual e debidamente atendidos.

|                                                                                                       |           |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| <b>Introdución</b>                                                                                    | <b>5</b>  |
| <b>Modificacións en materia de xubilación</b>                                                         | <b>6</b>  |
| ■ A que colectivos se lles seguirá aplicando a normativa vixente antes de entrar en vigor a nova lei? | 6         |
| ■ Tipos de xubilación                                                                                 | 6         |
| ■ Que modifica a nova lei?                                                                            | 6         |
| ■ Idade ordinaria ou legal de xubilación                                                              | 7         |
| ■ Cálculo da base reguladora de xubilación                                                            | 8         |
| ■ Contía da pensión en relación coa súa porcentaxe                                                    | 9         |
| ■ Incentivos á prolongación da vida laboral                                                           | 10        |
| ■ Integración de lagoas de cotización                                                                 | 10        |
| ■ Compatibilidade de pensión e traballo                                                               | 10        |
| <b>Modificacións en materia de Incapacidade Permanente</b>                                            | <b>11</b> |
| <b>Modificacións en materia de Morte e Supervivencia en relación coa pensión de orfandade</b>         | <b>12</b> |
| <b>Outros aspectos da reforma</b>                                                                     | <b>13</b> |
| ■ Exención parcial da obriga de cotizar (artigo 2)                                                    | 13        |
| ■ Beneficios por coidados de fillos                                                                   | 14        |
| ■ Complemento para pensións inferiores á mínima                                                       | 14        |

A lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social ten como finalidade levar o ordenamento xurídico dos compromisos recollidos no «Acordo social e económico para o crecemento, o emprego e a garantía das pensións» subscrito polos interlocutores sociais e o Goberno con data do 2 de febreiro de 2011, e en concreto no apartado relativo ao «acordo para a reforma e o fortalecemento do sistema público de pensións», no marco do que se recollen unha serie de compromisos.

Nesta mesma orde de cousas, a lei segue as orientacións contidas na nova reformulación do pacto de Toledo, levada a efecto mediante a aprobación, polas Cortes Xerais, o 25 de xaneiro de 2011, do Informe de Avaliación e Reforma do dito Pacto.

En canto á data de efectos, a lei 27/2011 publicouse no BOE o 2 de agosto de 2011, pero unha parte moi significativa da lei (en especial o relativo á pensión de xubilación) entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, o que supuxo que a aplicación dalgunha das principais medidas se implantarán paulatinamente desde esa data ata o ano 2027.

Resultan particularmente relevantes os cambios normativos que lle afectan á pensión de xubilación (idade, cálculo da base reguladora, novas porcentaxes aplicables a esta para determinar a contía da pensión, variación de porcentaxes para a prolongación da vida laboral, etcétera), todos os cales deberán ser obxecto de consideración ao longo do presente folleto, así como o resto de modificacións operadas pola lei no ámbito da relación xurídica de Seguridade Social.



## MODIFICACIÓN EN MATERIA DE XUBILACIÓN

### ■ A QUE COLECTIVOS SE LLES SEGUIRÁ APLICANDO A NORMATIVA VIXENTE ANTES DE ENTRAR EN VIGOR A NOVA LEI?

A quen se lles extingue a relación laboral antes do 2 de agosto de 2011.

A quen se lles suspendese ou extingue a relación laboral por convenios colectivos, acordos de empresa, expedientes de regulación de emprego ou por decisións adoptadas en procedementos concursais aprobados ou subscritos antes do 2 de agosto de 2011, aínda que a extinción da relación laboral se producise antes ou despois do 1 de xaneiro de 2013.

A quen accedese á pensión de xubilación parcial antes do 2 de agosto de 2011, así como aos incorporados a plans de xubilación parcial antes da antedita data, aínda que o acceso á xubilación parcial se produza antes ou despois do 1 de xaneiro de 2013.

### ■ TIPOS DE XUBILACIÓN

#### ■ *Que tipos de xubilación se manteñen?*

- > Xubilación aos 60 ou 55 anos. Para os que cotizaron como mutualistas.
- > Xubilación parcial aos 61 anos (55 ou 60 para quen fose mutualista). Con contrato de relevo.

■ *Que tipo de xubilación desaparece?* Desde o 1 de xaneiro de 2013 desaparece a xubilación especial aos 64 anos, recollida no Real decreto 1194/85 como medida de fomento do emprego.

### ■ QUE MODIFICA A NOVA LEI?

■ *Idade de xubilación ordinaria.* Pasa de 65 a 67 anos, pero mantense a xubilación aos 65 anos para quen acredite polo menos 38 anos e 6 meses cotizados.

■ *Anos de cotización.* Pasa de 35 a 37 anos.

■ *Base reguladora.* Pasa de 15 a 25 anos.

■ *Contía da pensión.* Novos tramos porcentuais en función dos anos cotizados.

### ■ IDADE ORDINARIA OU LEGAL DE XUBILACIÓN

Modifícase a idade como requisito de acceso, xa que a partir de 2027 se esixirá cumprir 67 anos ou 65 anos cando se acrediten cotizados 38 anos e 6 meses.

A partir do 1 de xaneiro de 2013, data de entrada en vigor da lei, e ao longo de 15 anos, o requisito de idade para acceder a esta pensión e os períodos de cotización esixidos que permitirán o acceso con 65 anos (que se tomarán completos sen que caiba equiparación de fraccións de anos ou meses a anos ou meses completos) aplicárase de forma gradual da seguinte maneira:

| Ano  | Períodos cotizados          | Idade esixida       |
|------|-----------------------------|---------------------|
| 2013 | 35 anos e 3 meses ou máis.  | 65 anos.            |
|      | menos de 35 anos e 3 meses. | 65 anos e 1 mes.    |
| 2014 | 35 anos e 6 meses ou máis.  | 65 anos.            |
|      | menos de 35 anos e 6 meses. | 65 anos e 2 meses.  |
| 2015 | 35 anos e 9 meses ou máis.  | 65 anos.            |
|      | menos de 35 anos e 9 meses. | 65 anos e 3 meses.  |
| 2016 | 36 ou máis anos.            | 65 anos.            |
|      | menos de 36 anos.           | 65 anos e 4 meses.  |
| 2017 | 36 anos e 3 meses ou máis.  | 65 anos.            |
|      | menos de 36 anos e 3 meses. | 65 anos e 5 meses.  |
| 2018 | 36 anos e 6 meses ou máis.  | 65 anos.            |
|      | menos de 36 anos e 6 meses. | 65 anos e 6 meses.  |
| 2019 | 36 anos e 9 meses ou máis.  | 65 anos.            |
|      | menos de 36 anos e 9 meses. | 65 anos e 8 meses.  |
| 2020 | 37 ou máis anos.            | 65 anos.            |
|      | menos de 37 anos.           | 65 anos e 10 meses. |
| 2021 | 37 anos e 3 meses ou máis.  | 65 anos.            |
|      | menos de 37 anos e 3 meses. | 66 anos.            |
| 2022 | 37 anos e 6 meses ou máis.  | 65 anos.            |
|      | menos de 37 anos e 6 meses. | 66 anos e 2 meses.  |

|                      |                             |                     |
|----------------------|-----------------------------|---------------------|
| 2023                 | 37 anos e 9 meses ou máis.  | 65 anos.            |
|                      | menos de 37 anos e 9 meses. | 66 anos e 4 meses.  |
| 2024                 | 38 ou máis anos.            | 65 anos.            |
|                      | menos de 38 anos.           | 66 anos e 6 meses.  |
| 2025                 | 38 anos e 3 meses ou máis.  | 65 anos.            |
|                      | menos de 38 anos e 3 meses. | 66 anos e 8 meses.  |
| 2026                 | 38 anos e 3 meses ou máis.  | 65 anos.            |
|                      | menos de 38 anos e 3 meses. | 66 anos e 10 meses. |
| A partir do ano 2027 | 38 anos e 6 meses ou máis.  | 65 anos.            |
|                      | menos de 38 anos e 6 meses. | 67 anos.            |

En consecuencia a aplicación paulatina de 2013 a 2027 implicará:

- > **Respecto aos períodos cotizados**, que se amplíen desde os 35 anos aos 38 anos e 6 meses. (Partindo dos 35 anos súmanse 3 meses máis cada ano entre 2013 e 2027, excepto en 2026 que se mantén igual tempo que en 2025).
- > **Respecto á idade esixida de xubilación**, que se amplíe desde os 65 anos aos 67 anos. (A xubilación levarase a cabo sumándolle aos 65 anos un mes máis cada ano desde 2013 a 2018, e dous meses máis cada ano entre 2019 e 2027).

## ■ CÁLCULO DA BASE REGULADORA DA XUBILACIÓN

O período de cálculo da base reguladora da pensión pasará de 15 a 25 anos e realizarase esta elevación dunha maneira progresiva. O incremento materializarase por razón dun ano desde 2013 a 2022, de acordo coa seguinte táboa (tendo en conta que a base reguladora da pensión será o cociente de dividir a suma das bases de cotización e os “x” meses inmediatamente anteriores ao mes previo á xubilación polo número de meses correspondente):

|                    |                           |
|--------------------|---------------------------|
| Durante o ano 2013 | 192 meses (16 anos) / 224 |
| Durante o ano 2014 | 204 meses (17 anos) / 238 |
| Durante o ano 2015 | 216 meses (18 anos) / 252 |
| Durante o ano 2016 | 228 meses (19 anos) / 266 |

|                    |                           |
|--------------------|---------------------------|
| Durante o ano 2017 | 240 meses (20 anos) / 280 |
| Durante o ano 2018 | 252 meses (21 anos) / 294 |
| Durante o ano 2019 | 264 meses (22 anos) / 308 |
| Durante o ano 2020 | 276 meses (23 anos) / 322 |
| Durante o ano 2021 | 288 meses (24 anos) / 336 |
| A partir de 2022   | 300 meses (25 anos) / 350 |

Existe un suposto especial para o caso de cesamento involuntario:

- > Para os que cesasen no traballo por causa non imputable á súa libre vontade e, a partir do cumprimento dos 55 anos de idade e polo menos durante vinte e catro meses, experimentasen unha redución das bases de cotización respecto da acreditada con anterioridade á extinción da relación laboral.
- > Traballadores por conta propia ou autónomos con respecto aos cales transcorrese un ano desde a data na que esgotasen a prestación por cesamento de actividade, sempre que este cesamento se produza a partir do cumprimento dos 55 anos de idade.

Nestes supostos, sempre que resulte máis favorable que a que correspondese de acordo coa norma xeral, os períodos para ter en conta para o cálculo da base reguladora serán os seguintes:

- > **Durante os anos 2013 a 2016**; 240 meses (20 anos) se é máis beneficioso que a norma transitoria xeral.
- > **Durante os anos 2017 a 2021**; 300 meses (25 anos) se é máis beneficioso que a norma transitoria xeral.
- > **Desde o ano 2022 en adiante**; 300 meses (25 anos).


## ■ CONTÍA DA PENSIÓN EN RELACIÓN COA SÚA PORCENTAXE

Modifícase a porcentaxe aplicable á base reguladora para a obtención da pensión desde o 50 % con 15 anos cotizados ata o 100 % con 37. O paso da escala actual á nova producirase paulatinamente entre 2013 e 2027:

|                             |                                                                                                               |
|-----------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Durante os anos 2013 a 2019 | Por cada mes de cotización entre os meses 1 e 163, o 0,21 %, e, polos 83 meses seguintes, o 0,19 %.           |
| Durante os anos 2020 a 2022 | Por cada mes adicional de cotización entre os meses 1 e 106, o 0,21 % e, polos 146 meses seguintes, o 0,19 %. |
| Durante os anos 2023 a 2026 | Por cada mes adicional de cotización entre os meses 1 e 49, o 0,21 % e, polos 209 meses seguintes, o 0,19 %.  |
| A partir do ano 2027        | Por cada mes de cotización entre os meses 1 e 248, o 0,19 %, e polos 16 meses seguintes, o 0,18 %.            |

### ■ INCENTIVOS Á PROLONGACIÓN DA VIDA LABORAL

Quen acceda á xubilación a unha idade superior aos 65 ou aos 67 anos, cumprindo as condicións que en cada caso se establecen, recibirá unha porcentaxe adicional por cada ano completo transcorrido entre a data en que cumpriu a dita idade e a da pensión, cuxa contía será calculada en función dos anos cotizados, segundo a seguinte escala:



En todos estes supostos mantense o requisito para acceder á pensión de xubilación de ter cuberto un período mínimo de 15 anos, dos cales 2 deberán estar comprendidos dentro dos 15 anos inmediatamente anteriores ao inicio da pensión.

### ■ INTEGRACIÓN DE LAGOAS DE COTIZACIÓN

Se no período que se tome para o cálculo da base reguladora aparecen meses durante os cales non existise obriga de cotizar, as primeiras corenta e oito mensualidades integraranse coa base mínima de entre todas as existentes en cada momento, e o resto de mensualidades co 50 por 100 da dita base mínima.

### ■ COMPATIBILIDADE DE PENSIÓN E TRABALLO

A percepción da pensión de xubilación será compatible coa realización de traballos por conta propia cuxos ingresos anuais non superen o salario mínimo interprofesional (SMI) en cómputo anual. Quen realice estas actividades non estará obrigado a cotizar á Seguridade Social.

## MODIFICACIÓNS EN MATERIA DE INCAPACIDADE PERMANENTE



> Substitúese a referencia á idade de 65 anos como tope para o cálculo da prestación por incapacidade permanente pola expresión «... idade ordinaria de xubilación vixente en cada momento».

> Novo método de integración das lagoas de cotización: se no período que se tome para o cálculo da base reguladora aparecen meses durante os cales non existise a obriga de cotizar, as primeiras corenta e oito mensualidades integraranse coa base mínima de entre todas as existentes en cada momento, e o resto de mensualidades co 50 por 100 da dita base mínima.



> En caso de Incapacidade Permanente Total para a profesión que exercía o interesado ou do grupo profesional naquela que estaba encadrada, a pensión vitalicia será compatible co salario que poida percibir o traballador na mesma empresa ou noutra diferente, sempre e cando as funcións non coincidan con aquelas que deron lugar á incapacidade permanente total.


> Prohibición expresa do goce da pensión de incapacidade permanente absoluta e de grande invalidez a partir da idade de acceso á pensión de xubilación, xa que será incompatible co desempeño polo pensionista dun traballo, por conta propia ou por conta allea, que determine a súa inclusión nalgún Réxime da Seguridade Social.



## MODIFICACIÓN EN MATERIA DE MORTE E SUPERVIVENCIA EN RELACIÓN COA PENSIÓN DE ORFANDADE

Modifícase o requisito de idade para ser beneficiario da pensión de orfandade e esíxese:

- > Como regra xeral, ser menor de 21 anos.
- > Nos casos en que o orfo non efectúe un traballo lucrativo por conta allea ou propia, ou cando, aínda realizándoo, os ingresos que obteña resulten inferiores, en cómputo anual, á contía vixente para o salario mínimo interprofesional, tamén en cómputo anual:
  - ⇒ Nos casos de orfandade absoluta, ser menor de 25 anos.
  - ⇒ Nos casos de orfandade simple:




## OUTROS ASPECTOS DA REFORMA

### ■ EXENCIÓN PARCIAL DA OBRIGA DE COTIZAR (artigo 2)

Modificación do artigo 122 bis LXSS.

**Antes:** para traballadores con 65 anos ou máis e máis de 35 anos cotizados.

**Agora:** empresarios e traballadores unicamente quedarán exentos de cotizar á Seguridade Social por continxencias comúns, excepto por incapacidade temporal, respecto daqueles traballadores por conta allea con contratos de traballo con carácter indefinido, así como dos socios traballadores ou de traballo das cooperativas, que se atopen nalgún dos dous supostos:



Mantense a previsión segundo a cal, se ao cumprir algunha das anteriores idades o traballador non tivese cotizados o número de anos en cada caso requirido, a exención aplicarase a partir da data en que se acrediten os ditos anos de cotización.

Igualmente adáptanse os novos requisitos ao colectivo de traballadores por conta propia.

Finalmente, introdúcese unha nova Disposición Adicional na que se establece que o cómputo para os efectos de pensión de xubilación de períodos con exoneración de cotas de traballadores con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013 e que accedan ao dereito á pensión de xubilación con posterioridade a dita data, o período durante o que se estendesen as ditas exencións será considerado como cotizado para os efectos do cálculo da pensión correspondente.

## ■ BENEFICIOS POR COIDADADO DE FILLOS

Para todos os efectos, excepto para o cumprimento do período mínimo de cotización esixido, computarase como período cotizado o correspondente ao tempo de interrupción da cotización, derivado da extinción da relación laboral producida entre os nove meses anteriores ao nacemento, ou os tres meses anteriores á adopción ou ao acollemento permanente e á finalización do sexto ano posterior a esta situación.

A duración deste cómputo como período cotizado para estes efectos será de 112 días por cada fillo ou menor adoptado ou acollido. Este período incrementarase anualmente, a partir do ano 2013 e ata o ano 2018, ata alcanzar o máximo de 270 días por fillo no ano 2019, sen que, en ningún caso, poida ser superior á interrupción real da cotización.

Este beneficio recoñeceráselle a un dos proxenitores e, en caso de controversia entre eles, outorgaráselle á nai.

Consideraranse como cotizados para os efectos das prestacións de xubilación, incapacidade permanente, morte e supervivencia, maternidade e paternidade os 3 anos de excedencia que os traballadores gocen por coidado de fillo nos supostos de nacemento, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo.

Límite de 5 anos por beneficiario.

## ■ COMPLEMENTO PARA PENSIÓNS INFERIORES Á MÍNIMA


Refórmase o seu réxime xurídico no seguinte sentido:

> **Esixir**, para aquelas pensións cuxo feito causante se produza a partir do 1 de xaneiro de 2013, a residencia no territorio español como requisito para a súa percepción.

> **Limitar o seu importe**, de sorte que, para as pensións causadas a partir do primeiro de xaneiro de 2013, en ningún caso será superior á contía das pensións de xubilación e invalidez na modalidade non contributiva vixentes en cada momento, e exceptuaranse desta limitación as pensións de grande invalidez con complemento destinado a remunerar a persoa que atenda o beneficiario e as de orfandade incrementadas na contía da pensión de viuvez.

| <i>Dirección Provincial</i>       | <i>Enderezo</i>                        | <i>C. P.</i> | <i>Teléfono</i> |
|-----------------------------------|----------------------------------------|--------------|-----------------|
| Alacante                          | Acceso Muelles de Poniente, 2          | 03001        | 965 126 523     |
| Almería                           | Muelle Puerto Pesquero                 | 04002        | 950 620 211     |
| Asturias - Xixón                  | Avda. Príncipe de Asturias, 76         | 33212        | 985 327 200     |
| Barcelona                         | Albareda, 1                            | 08004        | 934 439 600     |
| Biscaia - Bilbao                  | Virgen de Begoña, 32                   | 48006        | 944 739 000     |
| Cádiz                             | Avda. de Vigo, s/n                     | 11006        | 956 257 615     |
| Cantabria - Santander             | Avda. de Sotileza, 8                   | 39009        | 942 214 626     |
| Castellón - Grao                  | Plaza Miguel Peris y Segarra, s/n      | 12100        | 964 283 720     |
| Ceuta                             | Avda. Muelle Cañonero Dato, 20         | 51001        | 956 500 240     |
| Coruña, A                         | Ramón y Cajal, 2                       | 15006        | 881 909 800     |
| Guipúscoa - Pasaia                | Marinos, 1                             | 20110        | 943 404 000     |
| Huelva                            | Avda. Hispanoamérica, 9                | 21001        | 959 257 411     |
| Illes Balears - Palma de Mallorca | Moll Vell, 15                          | 07012        | 971 725 606     |
| Las Palmas                        | León y Castillo, 322                   | 35007        | 928 494 645     |
| Lugo                              | Ronda Múxico Xosé Castiñeiras, 10 Bajo | 27002        | 982 225 010     |
| Madrid                            | Churruca, 2                            | 28004        | 915 919 900     |
| Málaga                            | Puente del Carmen, s/n                 | 29002        | 952 359 361     |
| Melilla                           | Avda. de la Marina Española, 7         | 52001        | 952 678 800     |
| Murcia - Cartaxena                | Muelle de Alfonso XII, s/n             | 30202        | 968 502 050     |
| Santa Cruz de Tenerife            | Avda. de Anaga, s/n                    | 38001        | 922 598 900     |
| Sevilla                           | Fernando IV, 1                         | 41011        | 954 286 028     |
| Tarragona                         | Francisco Bastos, 19                   | 43005        | 977 191 000     |
| Valencia                          | Avda. del Puerto, 300                  | 46024        | 963 359 900     |
| Vigo                              | Avda. Orillamar, 51                    | 36202        | 986 216 100     |
| Vilagarcía de Arousa              | Avda. de la Marina, 23                 | 36600        | 986 568 300     |





Na páxina web da Seguridade Social

[www.seg-social.es](http://www.seg-social.es)

está dispoñible unha caixa de correo na que Vde.  
poderá formular as súas consultas e suxestións.

Igualmente, posibilitase a realización de trámites e xestións relativos á  
súa pensión a través da Sede Electrónica da Seguridade Social

<https://sede.seg-social.gob.es>



@dministración  
electrónica

